CA4.7 - Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva propoñendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas.	Resolve positivamente os conflitos cotiás, regulando os impulsos e emocións.	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas.	Participa en actividades culturais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade.
- Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas.
- Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.
- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.
- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.
- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.
- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.
- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.
- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.
- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.
- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.
- A diversidade familiar. Familia, escola e outros contextos socioemocionais. Identificación e diferenciación como primeiros grupos sociais de pertenza e interacción. Outros grupos sociais de pertenza: características, funcións e servizos.
- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.
- Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais.
- A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz.
- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.
- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.
- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos.
- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.

UD	Título da UD	Duración
8	As estacións do ano, o desfrute das festas tradicionais e as súas comidas típicas.	30

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
-------------------------	------------------------	----

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.4 - Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións	Debuxa a figura humana respectando as proporcións do esquema corporal.	
CA1.5 - Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá, mostrando un variado repertorio motriz	Controla o seu corpo adaptando a súa resposta motriz nas dimensións ou espazos onde se atope	
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Posúe unha boa motricidade fina realizando tarefas cotiás.	
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.	Verbaliza as súas percepcións respectando as dos demais.	
CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.	Móstrase tolerante resolvendo os conflitos que xorden durante a súa actuación	
CA2.8 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación.	Participa en xogos aceptando as diferenzas dos seus iguais.	
CA3.1 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino.	Posúe unha boa motricidade fina, realizando xogos de lanzamento.	TI
CA3.5 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Varia o seu comportamento solucionando as necesidades que xorden nas diferentes celebracións.	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Acepta as normas da escola resolvendo as necesidades das actividades e tarefas.	
CA4.1 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Participa nas actividades procurando mellorar a súa actuación.	
CA4.4 - Relacionarse de maneira asertiva, con tolerancia e eficacia coas persoas coas que interacciona nas súas rutinas diarias e nas súas actividades cotiás.	Respeto aos compañeiros e persoas adultas amosando unha actitude positiva ante as propostas das actividades.	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecerlas.	Participa nas diferentes celebracións mostrando respecto polas costumes, tradicións, ...	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Descubrimiento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas. - Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas. - Avance e control progresivo da motricidade fina. - Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás. - Aceptación construtiva de erros e correccións: manifestacións de superación e logro. - Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia. - Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc. - A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz. - Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.

UD	Título da UD	Duración
9	Coñecemos o noso corpo.	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento	Realiza desprazamentos de carreira, marcha e cuadrípedia con eficiencia.	TI
CA1.5 - Coordinar e controlar ou seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá, mostrando un variado repertorio motriz	Manexa diferentes móbiles en situacións diversas.	
CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	Participa de xeito activo en propostas de xogo libre onde estean implicadas as manipulacións.	
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Manexa diferentes móbiles amosando certa precisión nos lanzamentos.	
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.	Identifica os sentimentos, vivencias e emocións.	
CA2.2 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Intégrase, de xeito colectivo, nalgunha das actividades propostas.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.	Respecta aos/ás compañeiros/as en situacións de xogo libre.	
CA2.8 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación.	Respecta aos/ás compañeiros/as en situacións de xogo compartido.	
CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	Recoñece e emprega hábitos de hixiene nas rutinas.	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Toma medidas de precaución nos diferentes retos motrices.	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Ten iniciativa á hora de resolver problemas motrices.	
CA4.3 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía e evitando todo tipo de discriminación.	Respecta aos/ás compañeiros/as en situacións de xogo compartido.	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas.	Desenvolve a curiosidade polos xogos tradicionais de Galicia.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas. - Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas. - Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións. - Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás. - Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas. - Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses. - Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas. - Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais. - O xogo como ferramenta de exploración persoal. - Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias. - Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.

Contidos

- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade.
- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.
- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.
- Actividade física estruturada con diferentes graos de intensidade.
- Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc.
- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.
- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa na área de Crecemento en Harmonía buscará desenvolver no alumnado o máximo desenvolvemento axustándose ao seu momento evolutivo, respectando os ritmos e as características individuais e propoñendo situacións de aprendizaxe motivadoras. Estas situacións educativas promoverán a observación, a manipulación e a exploración dos nenos e das nenas desenvolvendo aspectos motrices que faciliten o avance na súa autonomía, tanto nos movementos coma nos desprazamentos, tomando conciencia do seu corpo e das súas partes para chegar paulatinamente á interiorización do esquema corporal. Dentro da metodoloxía deste programación destacamos: - A concepción de unidades didácticas coma proxectos nos que se intentará resolver un problema ou facer un produto social relevante. En todas as unidades, menos na primeira, haberá que levar a cabo actividades de pequenas investigacións e búsqueda de información, deseñar os pasos para chegar á meta definida, difundir o resultado e levar a cabo unha avaliación do proceso. - Ao longo das actividades empregaremos dinámicas individuais, de parella, grupos ou equipos (fomentando o traballo colaborativo e cooperativo) e de gran grupo, de forma lúdica, adaptándose ás diferenzas individuais entre o alumnado, respondendo ás súas necesidades particulares. - Deben estar moi presentes no deseño das actividades os principios do Deseño Universal de Aprendizaxe, ofertando dentro dunha mesma actividade, diferentes maneiras de acceder a información, diferentes xeitos de expresarse, e diferentes maneiras de motivar ao alumnado. - Para conseguir máis significatividade nas aprendizaxes do alumnado empregaremos estratexias que axuden a conseguilo seguindo os principios básicos da neuroeducación no que di que o alumnado ten que sentir interese polo tema para activar as súas conexións neuronais. Isto irá acompañado de actividades que faciliten a capacidade de aprender do noso alumnado tales como rutinas de pensamento, esquemas visuais... - Nesta programación empregárase un enfoque activo á hora de deseñar as actividades, en todas se partirá do nivel de desenvolvemento no que se atope o alumnado, buscando sempre que as persoas alumnas sexan as protagonistas activas das súas aprendizaxes. Ofreceranse sempre actividades onde se desenvolvan diferentes tipos de habilidades e capacidades, a partir de experiencias que a familia, escola ou o entorno lles proporcionan, potenciando a súa actividade física e mental, para seren persoas íntegras con actitude e personalidade crítica. Para acadalo empregaremos unha organización espacial acorde que permita levar a cabo diferentes propostas á vez e que o alumnado teña variedade para realizar. - Destacarán os ambientes de aprendizaxe, recunchos, estacións de traballo..., favorecendo o proceso de socialización do alumnado. - O traballo con ferramentas tecnolóxicas estará sempre orientado cara o emprego destas como xeradoras de contidos e non transmisoras pasivas de información. O alumno se iniciará no seu emprego de forma transversal pero sempre dende unha maneira responsable, respetando os tempos de uso, minimizando a exposición ás pantallas e empregando recursos acordes a súa idade e estado madurativo. - Todas actividades e contidos no deseño desta área de crecemento en harmonía irán interrelacionados cos das outras dúas áreas de aprendizaxe, para acadar unha globalización do coñecemento. - Toda situación de ensino-aprendizaxe debe ter a afectividade como fío condutor para que o alumnado se sinta seguro e contribúa á formación dunha autoimaxe positiva.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ferramentas tecnolóxicas: Ordenador de aula, tablet de aula, proxector, conexión a internet, robots (escornabot, ozobot), reprodutor de música
Material funxible: convencionais e non convencionais
Material sensorial: mesa de luz, bandexas para a escritura sensorial (area, fariña...)
Material visual: carteis, bits, láminas...
Biblioteca de centro, de aula, libros, contos, álbumes...
Material curricular: Currículo, P.E....
Material artístico: pinturas, plastina, refugallo, teatro de sombras, luz negra, kamisibai, títeres...
Material de psicomotricidade: estruturas de gomaespuma, cordas, balóns, táboas de equilibrio...
Material non estruturado: de refugallo, elementos naturais, pezas soltas...
Material de xogo simbólico
Comunidade educativa (Alumnado, persoal docente e non docente, familias) e calquera persoa que interveña na vida do centro (visitas,etc)
Proporcionados pola contorna, nun amplo sentido: todo o que se nos poida ofrecer no contexto que nos rodea. (parques, biblioteca Concello, etc)
Instrumentos musicais.
Material manipulativo: xogos de lecto-escritura, de lóxica-matemática, de atención, ...

No desenvolvemento desta programación, utilízanse unha serie de recursos e materiais, para que os nenos e nenas poidan levar a cabo a súa actividade, xogos e aprendizaxes. Dadas as características psicoevolutivas dos nenos e nenas de Educación Infantil, o material ha de: estimular os sentidos, favorecer o desenvolvemento motor, permitir o xogo simbólico, poñer en xogo atención, memoria e observación, estimular o uso da linguaxe verbal,... Contaremos cunha gama variada de materiais e recursos que proporcionarán oportunidades de manipulación. A súa selección, preparación e disposición adecuarase aos obxectivos. Esta irase presentando de forma progresiva ao longo do curso escolar retirando aqueles que xa non sexan funcionais ou que as súas condicións de seguridade así o requiran. O material deberá estar á vista e ao alcance dos nenos, será exposto de tal maneira que as súas calidades máis importantes serán captadas dunha ollada, estarán organizados en bandexas, cestas, ...; estará debidamente etiquetado,... O material ha de ser: de doado manexo, polivalente, non tóxico, cumprir as medidas de seguridade e hixiene, movable, motivador (formas e cores) e resistente e duradeiro... Os recursos poden ser: - Recursos persoais: alumnado, profesorado, familia e comunidade educativa (Atención Temperá, Servizos Sociais, ...), grupo de iguais. - Recursos materiais funxibles e non funxibles: cartolina,papel, lapis, cores, gomas, témperas, pintura de dedos contos, bonecos, pinturas, masa de modelar, escarvantes, materiais de refugallo, instrumentos musicais, aros, cordas,... - Recursos TICs: Ordenador, impresora, pizarra dixital, canón proxector, robots,..

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Será entendida como proceso que leva implícito unha serie de acordos para a posterior planificación do proceso educativo baseado na análise, tanto das competencias clave do alumnado como das necesidades do grupo, na primeira unidade do curso levarase a cabo a avaliación inicial ou diagnóstica a través de:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.
- Análise das producións plásticas, escritas, musicáis, etc realizadas polo alumnado
- Información aportada polas familias ou titores legais na entrevista inicial.
- Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno

Subliñar o factor preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temprana das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

Esta avaliación inicial realizarase unha vez superado o periodo de adaptación, teranse en conta información obtida durante este periodo, pero se gardará a que o alumno se amose adaptado ás rutinas e a realidade da aula.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución dos criterios para cada unidade segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación: sen dificultade, en proceso, con dificultade de forma que, o alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de consecución observado polo mestre/a.

Criterios de recuperación:

Este apartado non procede nesta etapa educativa

6. Medidas de atención á diversidade

Entendidas como o conxunto de medidas, ordinarias e extraordinarias, que teñen por finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes necesidades, características, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, así como á situación social, cultural e de saúde de todo o alumnado, se porá especial atención a finalidade preventiva, adaptando a práctica educativa ás características persoais do noso grupo e alumnado, así como aos seus intereses e necesidades, e a consideración da diversidade como un valor, defendendo así un modelo inclusivo que potencie a metodoloxía baseada na diversidade, igualdade de oportunidades, e colaboración e tamén na cultura tecnolóxica e innovadora, aproveitando as posibilidades das TIC para o alumnado (apps para estimulación da linguaxe, razonamento, atención, etc) Adecuaremos sempre a estrutura organizativa do centro e a xestión da aula ás características do noso alumnado NEAE, neste curso (alumnado que presenta necesidades educativas especiais, alumnado con Altas Capacidades Intelectuais,...) e en colaboración co Departamento de Orientación deseñaremos accións e recursos encamiñados á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento e aprendizaxe; levando a cabo medidas como: -Organizar o aula de forma accesible, adecuaremos tempos e rutinas en base ás súas necesidades fisiolóxicas, afectivas, curriculares e de movemento. -Adecuar á programación didáctica, realizarase unha interpretación flexible do currículo axustada ao grupo clase e ao alumnado con NEAE. - Utilizar metodoloxía colaborativa e cooperativa, seguindo as liñas marcadas no P.E. do centro, seguindo os principios do Deseño Universal do Aprendizaxe (DUA) e proponendo diferentes medios de acceder á información, de expresarse e de motivar ao alumno. -Adaptar os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adaptan ás características de este alumnado. -Aproveitar as posibilidades das TIC para todo tipo de alumnado utilizando diferentes apps para estimulación da linguaxe, o razonamento e a atención. - Buscar de maneira continua interactuar co alumnado NEAE, estimulando a súa iniciativa e promovendo o interese por aprender. -Transmitir a información de maneira clara, concisa e con frases/explicacións curtas. - Secuenciar as tarefas, incluso con referencias visuais como pictos e axendas. - Traballar con axudas directas e demostracións (traballo de modelado e imitación). - Evitar tarefas repetitivas sen interese para o alumnado, que poden facer

aparecer conductas disruptivas ou inadecuadas, a non ser o caso de aqueles alumnos que polas súas necesidades facer este tipo de actividades para reforzar aprendizaxes e aportar seguridade. - Primar o esforzo e non o resultado, intentando sempre aumentar a autoestima, adoitando un enfoque emocional nas actividades, tanto como medida preventiva da discriminación como medio para a valoración das diferencias. - Ofrecer propostas onde o alumnado poida participar en base as súas capacidades levando a cabo propostas SEM para aquel alumnado que o necesite. - Ofrecer sempre situacións de éxito, para ir aumentando a dificultade progresivamente. - Intervir educativamente sempe dende un enfoque multidisciplinar: (titoría, DO, familia ou titores legais, servizos sanitarios, sociais,etc).

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional.		X	X					X
ET.2 - - Hábitos de control corporal.		X						X
ET.3 - - Pautas elementais de convivencia e relación social.	X	X		X			X	X
ET.4 - - Coidado da contorna e dos seres vivos.					X	X		
ET.5 - - Educación para o consumo responsable.			X			X		X
ET.6 - - Educación igualitaria e libre de estereotipos.		X		X			X	

	UD 9
ET.1 - - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional.	X
ET.2 - - Hábitos de control corporal.	X
ET.3 - - Pautas elementais de convivencia e relación social.	
ET.4 - - Coidado da contorna e dos seres vivos.	
ET.5 - - Educación para o consumo responsable.	X
ET.6 - - Educación igualitaria e libre de estereotipos.	X

Observacións:

Os elementos transversais son contidos basicamente actudiniais que van a influír no comportamento conductual do alumnado. Estes valores son importantes para o seu desenvolvemento integral e persoal para formar parte dunha sociedade mais libre, democrática, respetuosa e tolerante. Están presentes de forma xeral a través de todas as áreas de aprendizaxe e ao longo de todo o proceso de ensino - aprendizaxe.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita de persoa experta.	Nas unidades que sexa posible, invitaremos a unha persoa familiar do alumnado ou membro da comunidade educativa para que actúe como experto na materia que estamos a traballar.	X	X	X
Contacontos	Nas unidades que sexa posible, invitaremos a unha persoa familiar do alumnado, membros dos clubs de lectura do centro para que veña a contar un conto relacionado coa materia que estamos a traballar.	X	X	X
Saída de campo.	Nas unidades que sexa posible, realizaremos unha saída para afondar no traballo na aula		X	
Saída de fin de curso	Actividade lúdica para descubrir a contorna e para conmemorar o final de curso.			X
Obradoiros solidarios	As familias xunto co alumnado poderán levar a cabo diferentes obradoiros cun fin solidario: confección de agasallos para levar ao Centro de Día, doación de libros, recollida de roupa, tapóns,...	X	X	X
Proxectos medioambientais	Se poderá participar en proxectos baseados na recuperación e defensa da natureza.		X	
Conmemoracións e festas	A comunidade educativa poderá planificar e participar en distintas celebracións ao longo do curso.	X		X

Observacións:

-As actividades complementarias que se levarán a cabo serán aquelas que estean establecidas na programación xeral anual, citando algunhas delas como son: a celebración do Magosto, do Nadal, o día da Paz, o Entroido, o día das Letras Galegas,... e todas aquelas que se poidan realizar aproveitando os recursos do entorno e a oferta cultural que pon á nosa disposición o Concello e demais organizacións sociais e deportivas. En canto ás saídas culturais, temos previsto facer unha por cada trimestre que de momento non están concretadas. Para a realización destas saídas, pediremos sempre autorización escrita á familia, igualmente ao comezo do curso escolar pedimos a autorización para poder realizar ou non fotografías aos seus fillos/as.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Deseño das actividades adecuadas ao alumnado
Elementos curriculares presentes nas actividades
Instrumentos de avaliación eficaces e adecuados

A avaliación do alumnado utilízase para modificar o proceso de ensinanza aprendizaxe.
Metodoloxía empregada
Promóvese o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades.
Tivéronse en conta os intereses do alumnado no deseño de actividades e propostas
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Utilízase diversidade de materiais para acceder á información, para expresarse e para fomentar a motivación
Empréganse diversos recursos didácticos
Medidas de atención á diversidade
Contémplanse todas as NEAE no deseño das actividades
Clima de traballo na aula
Temporalización de actividades adecuada
Individualización do proceso ás características de cada alumna/o
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Existe coordinación co equipo docente
Promóvese a participación das familias

Descrición:

Haberá un seguimento a través da aplicación Proens dende a coordinación de ciclo en infantil ao rematar cada trimestre. Revisarase a PD tendo en conta: - Reunións de ciclo - No tocante as UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas. - Actividades complementarias e extraescolares (realizadas ou non) -Propostas xerais para a mellora e outras observacións.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Haberá un seguimento a través da aplicación Proens dende a coordinación de ciclo en infantil ao rematar cada trimestre. Revisarase a PD tendo en conta: - Reunións de ciclo - No tocante as UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas. - Actividades complementarias e extraescolares (realizadas ou non) -Propostas xerais para a mellora e outras observacións.

9. Outros apartados